

Non todas preferimos o paxaro na man.
A outras dáños polo cento voando...

Andrea Nunes Brions

Os domingos, maiormente,
as parellas pasean collidas
da man.
Ou quedan nos coches
en estrañas posturas á vista
da xente.
Ás veces míroas con envexa
mentres sorrín.
Son momentos de debilidade,
recoñézoo.
Se foran parrulos
botaríalles migallas de pan.

Kiko Neves

Coplas populares:

Paxariño, ghorrión
paxariño, ghorrión
onte dixeches que si
e hoxe disme que non.

Eu ben vin estar o moucho
enriba daquel penedo:
¡Non che teño medo, moucho,
moucho, non che teño medo!

Canta rula, canta rula,
canta rula naquel soto.
Coitadiño da que espera
polo que está nas mans doutro

A rula vaise queixando
que lle levaron o niño.

Quen cho mandou facer rula
tan á beira do camiño.

Dáme un traguíño de viño
que mo pide esta garganta
verás como canta a rula
verás como a rula canta.

Paxaro que vas voando
e levas fío no pico
traimo acó para cosere
o meu corazón ferido.

Danse bicos os paxaros
bícanse a terra e o mare
aqueles que ben se queren
por que non se han de bicare.

O cura ten un paxaro
non sei que paxaro é
alá pola media noite
ponse o paxaro de pé.

Ándate, galo queiroxo,
ándate, galo queiroxo;
que algún día non te quixen
agora xa me dás noxo.

Túa nai anda decendo
que teu pai era moi rico
a riqueza de teu paie
lévaa o corvo no bico.

Un carballo de cen pólas
En cada póla cen niños
En cada niño cen ovos
Cantos son os paxariños?